

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SOCIAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2025

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndolas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia atribúelle ás Corporacións locais competencias en materia de servizos sociais, entre as que se inclúen as referidas á colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social e a promoción de mecanismos de coordinación das súas actuacións, evitando duplicidades e infrautilización dos equipamentos sociais, así como o fomento e a promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.

É precisamente dentro deste marco normativo no que se insire un ano mais esta iniciativa específica de subvencións a entidades e asociacións de carácter social e sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais, consonte coas seguintes,



BASES

Disposicións xerais

1. Estas subvencións rexeranse polo establecido na presente convocatoria; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no Regulamento Xeral da Lei de Subvencións aprobado por Real Decreto 886/2006, de 21 de xullo; na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; no Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas; na Ordenanza Xeral de Subvencións, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025, e nas restantes normas de dereito administrativo que no seu caso sexan aplicables, e na súa falta, as normas de dereito privado.
2. As bases reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados, aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 29/05/2025, e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025.
3. Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais para a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal, ou que, en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio de Cambados.
4. O marco competencial no que se sustenta esta convocatoria ven reflexado na exposición de motivos da mesma.
5. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade e igualdade.

PRIMEIRA. Obxecto e finalidade da concesión das subvencións.

1. É obxecto das presentes Bases a regulación da concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais en Cambados no ano 2025.
2. A finalidade desta convocatoria é promover, fomentar e apoiar ás entidades na realización de actuacións cuxos obxectivos sexan a mellora das condicións de vida dos colectivos vulnerables así como corrixir situacións de desvantaxe social.



SEGUNDA. - Gastos subvencionables.

- 1.- Son gastos subvencionables aqueles directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, debendo estar estas dentro do obxecto da convocatoria, que realicen as entidades no termo municipal de Cambados.
- 2.- Especificamente quedan excluídos, isto é, non se consideran gastos subvencionables, os derivados de comidas por xuntanzas e, en xeral, gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.
- 3.- Subvencionaranse actuacións levadas a cabo entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2025.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario e contía.

1. A contía prevista no Orzamento Municipal 2025 para esta convocatoria de subvencións, e que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir, ascende a 27.000,00 €, sendo a aplicación orzamentaria a 2310.48900.
2. A determinación da contía individualizada de cada subvención resultará da puntuación obtida tras a aplicación dos criterios establecidos na presente convocatoria e do número de solicitudes, non podendo ser o importe da subvención percibida individualmente por calquera das entidades superior a un 25% da contía consignada para o total da aplicación orzamentaria.
3. Poderá subvencionarse ata o 100% do custo da actuación solicitada.
4. Estas subvencións son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. Para ese efecto os solicitantes deberán declarar todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, no momento da solicitude ou en calquera outro da vixencia do expediente en que se produza.

CUARTA.- Beneficiarios. Requisitos para Solicitar a Subvención.

Poderán solicitar estas subvencións as asociacións e entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.



- Ter o seu domicilio social no termo municipal de Cambados e figurar inscritas como tal no Rexistro Municipal de Asociacións, ou non tendo o domicilio no termo municipal afecten dun modo directo a colectivos ou intereses deste Concello.
- Desenvolver as súas actuacións no ámbito territorial do municipio ou que afecten a colectivos deste Concello.
- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a, recollidas no artigo 6 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados.

QUINTA.- Presentación das solicitudes, prazo e documentación.

1. As solicitudes de subvención presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cambados a través da sede electrónica, ou a través de calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. O citado artigo impón a mesma obriga a quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.
2. As entidades interesadas poderán solicita-las subvencións no prazo de **quinze días naturais**, contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO na forma e termos previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións.
3. As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentaranse segundo modelo de solicitude (**Anexo I**) e anexos normalizados, debendo presentar a seguinte documentación:
 - a) Descrición o máis detallada posible da actividade/s a desenvolver, e dos gastos e ingresos previstos para a súa realización (pódese cubrir o propio Anexo I ou aportar memoria independente).
 - b) No caso de non estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións de interese veciñal, deberán aportar xustificante estar rexistradas a nivel estatal ou autonómico e así mesmo deberán acreditar que desenvolven as súas actividades dentro do termo municipal.
 - c) Acreditación do representante da Asociación (**Anexo II.1**) e copia do DNI do Presidente da Entidade, ou do que teña conferida a delegación debidamente acreditada.
 - d) Copia do CIF da Asociación.



e) Declaración de non encontrarse incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (**Anexo II.2**).

f) Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS).

g) Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención que puidera concederse (con código IBAN).

SEXTA.- Do procedemento de concesión das subvencións.

1. Unha vez rematado o prazo previsto na cláusula quinta, a persoa que instrúa o procedemento, coa asistencia do persoal do servizo administrativo ao que lle corresponda por razón da materia, procederá á comprobación das solicitudes, efectuada conforme aos requisitos establecidos na ordenanza xeral e nesta convocatoria, na que se verificará o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario/a da subvención así como da documentación requirida, emitíndose Informe do instructor no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que as persoas ou entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

As solicitudes que incumpran os requisitos para adquirir a condición de beneficiario/a e/ou documentais, non se admitirán a trámite, sen prexuízo da aplicación do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para a emenda e mellora da solicitude: “Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior, requirirase ó interesado para que , nun prazo de dez días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera así, se lle terá desistido da súa petición, previa resolución...”.

2. Unha vez informadas as solicitudes, o servizo instructor someteraas á comisión de valoración.

A comisión de valoración, tras a avaliación das solicitudes presentadas de acordo cos criterios fixados nesta convocatoria, emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada e formulará a proposta de resolución, que deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e a puntuación outorgada segundo os criterios de valoración establecidos en cada convocatoria.

3.- O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da comisión de valoración, efectuará a proposta de resolución debidamente motivada, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a puntuación outorgada segundo os criterios de valoración establecidos nesta convocatoria.



4.- Unha vez recibida a proposta de resolución, xunto co resto do expediente, o órgano competente resolverá o procedemento, previa fiscalización da intervención.

5.- O Acordo de concesión das subvencións será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo daráselle traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións.

6.- O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos recollidos na lexislación vixente.

SÉTIMA.- Criterios de valoración.

Os criterios de valoración para a concesión e para a fixación da contía serán os seguintes:

1. Grao de adecuación da actividade ou proxecto ao obxecto da convocatoria e a súa relación co ámbito dos servizos sociais. (ata 5 puntos).

2. Tipoloxía do proxecto. (ata 10 puntos)

- Proxectos de inclusión social para a cobertura de necesidades básicas das persoas e que se executan directamente con persoas en situación de risco/exclusión social.
- Proxectos de inclusión con persoas en risco de exclusión social.
- Proxectos para a realización de actividades socioculturais, actividades de difusión, concienciación, prevención, sensibilización, etc. para a poboación en xeral.

3. Ámbito xeográfico onde se desenvolve a actividade (ata 5 puntos).

Acadarán maior puntuación aqueles proxectos ou actividades que se desenvolvan no ámbito municipal do Concello de Cambados.

4. Numero de beneficiarios/as empadroados no Concello de Cambados (ata 10 puntos).

5. Presentación, contido e calidade técnica da memoria (ata 5 puntos).



Valorarase a descrición da finalidade do proxecto para a que se solicita a subvención, a adecuación e a coherencia dos obxectivos en relación co proxecto, as características e necesidades da poboación destinataria, protocolos e indicadores de avaliación, recursos humanos, materiais e medios técnicos necesarios, a difusión e publicidade etc.,

6. Achega propia da entidade para o desenvolvemento da actividade ou proxecto (ata 5 puntos).

Adxudicaranse 0 (cero) puntos ás entidades solicitantes que ofrezan o financiamento propio inferior a un 10% do total da actividade, e un máximo de 10 puntos que se darán ás entidades solicitantes que oferten o maior nivel de cofinanciamento e que será en todo caso superior ao 10 %.

7. Temporalización do proxecto (número total de horas de sesións e/ou atención social ao ano) (ata 5 puntos).

OITAVA.- Obrigas dos beneficiarios.

Serán obrigas das entidades beneficiadas:

- a) Realiza-las actividades obxecto de subvención. Calquera cambio deberá ser comunicado previamente por escrito para poder ser admitido.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación por parte do concello e as de control financeiro que corresponde á Intervención municipal, así como facilita-la información que o Consello de Contas de Galicia lles requira.
- c) Sinalar en todo tipo de publicidade que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Cambados, indicando "subvenciona Concello de Cambados".
- d) Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza dita concesión.

NOVENA.- Xustificación.

- 1. A subvención que conceda o Concello de Cambados poderá financiar ata o 100% do custo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique un gasto inferior á cantidade concedida, aboarase a parte proporcional da subvención.
- 2. Ata o día **30 de novembro** (inclusive), as entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación da subvención concedida, segundo os formularios previstos, debendo acompañar a seguinte documentación:



1. Instancia asinada polo Presidente da entidade e dirixida ó Ilmo Alcalde-Presidente do Concello de Cambados, na que se solicite o seu abono no número de conta corrente indicada na solicitude (**Anexo III**).

2. Conta xustificativa dos gastos realizados que se presentan como xustificantes da subvención outorgada. Dita relación deberá presentarse conforme o **Anexo IV**.

3. Facturas ou outros documentos xustificativos dos gastos efectuados, debendo estar expedidos ó nome da entidade e estar datadas no período subvencionable. Non se admitirán recibís por gastos de desprazamento nin albaráns. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no regulamento de facturación, debendo conter como mínimo:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
- Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
- Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.
- Descrición do servizo ou subministro prestado.
- Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.
- En todas as facturas se deberá achegar **xustificante de cargo bancario** ou constancia inequívoca de que a factura presentada foi pagada (palabra específica “**pagado**” e **selo da empresa ou sinatura** do representante da empresa que a expide).

4. Declaración responsable segundo modelo establecido no **Anexo V**.

5. Memoria xustificativa da actividade realizada segundo modelo establecido no **Anexo VI**.

6. Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS) vixentes no momento da xustificación.

3. De non presentala xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, entenderase que desiste da súa petición. No caso de que a xustificación presentada se estime insuficiente e emendable, o Concello requirirá a asociación no prazo de 10 días naturais, para que emende os defectos apreciados. Si transcorrido dito prazo, non se producira a emenda requirida, tal feito ocasionará a revogación da subvención e, en consecuencia a falta de pagamento da mesma.

4. A comprobación e aprobación das xustificacións realizarase de acordo co disposto no artigo 24 da da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados.

5. O persoal técnico do departamento de Servizos Sociais será o encargado do seguimento da execución das subvencións así como de certificar a adecuada



xustificación das mesmas mediante a emisión dun informe que se incorpore ao expediente coas contas xustificativas e a documentación presentada, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento do obxecto da subvención e a conformidade cos documentos xustificativos presentados ou, de ser o caso, aquelas circunstancias que imposibilitan a súa aprobación.

DÉCIMA.- Aboamento.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas, informadas e aprobadas polo órgano competente. Esta convocatoria non admite pagos anticipados.

Non se procederá ao aboamento, no caso de que o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

UNDÉCIMA.- Órgano instrutor e comisión de valoración.

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións no ámbito do Concello de Cambados compete á Técnica municipal de subvencións.

A persoa que instrúa o procedemento realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2. A avaliación das solicitudes corresponderá ao órgano colexiado, denominado comisión de valoración, o cal tamén será o encargado de formular a proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instrutor.

A comisión de valoración estará integrada por persoal do departamento de Servizos Sociais e estará composta por unha presidencia, unha secretaría e dúas vogalías.

DECIMOSEGUNDA. Publicidade dos distintos actos derivados da convocatoria

A publicidade dos distintos actos derivados da presente convocatoria farase no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados, aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



ANEXO I

FORMULARIO SOLICITUDE SUBVENCIÓN

Don/Dona:	
como representante da entidade:	con N.I.F. n.º:
con domicilio a efecto de notificacións:	
Localidade:	Código Postal:
Teléfonos:	
Correo electrónico:	

SOLICITA:

A concesión dunha subvención por importe de:	€
Para o desenvolvemento da actividade de:	

DETALLE DA ACTUACIÓN:

1. ENTIDADE:
2. FINALIDADE E CARACTERÍSTICAS:
3. PERSOAS DESTINATARIAS:



4. DENOMINACIÓN DO PROXECTO/ ACTIVIDADE:
5. LUGAR:
6. DATAS DE REALIZACIÓN DO PROXECTO/ ACTIVIDADE:
7. N° DE PARTICIPANTES NO PROXECTO/ ACTIVIDADE:
8. FUNDAMENTACIÓN:(Extensión mínima 30 palabras)
9. RESUMEN DA ACTIVIDADE / PROXECTO : (Extensión mínima 30 palabras)
10. NÚMERO DE PERSOAS BENEFICIARIAS DA ACTIVIDADE, E PERFIL DAS MESMAS:



11. MEDIOS E RECURSOS UTILIZADOS (PERSOAIS E MATERIAIS):
12. OBJECTIVOS CONSEGUIDOS:
13. AVALIACIÓN DO PROXECTO-ACTIVIDADE:

ORZAMENTO E FINANCIAMENTO:

Custo total previsto:	
Contribución prevista da entidade (cotas socios, ...):	
Subvención solicitada ao Concello:	
Subvencións solicitadas a outras Administracións:	
Outras achegas previstas:	
Total:	



DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:

1. Acreditación do representante da Asociación (**Anexo II.1**) e fotocopia do DNI do Presidente da Entidade, ou da persoa que teña conferida a delegación debidamente acreditada.
2. Copia do CIF da Asociación.
3. Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (**Anexo II.2**).
4. Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS).
5. Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención que puidera concederse (con código IBAN).

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade a veracidade dos datos relacionados no presente Anexo.

Cambados,..... dede 20.....

(Sinatura)



ANEXO II.1

MODELO ACREDITACIÓN DE REPRESENTANTE DA ENTIDADE

Don/Dona	DNI
en calidade de Secretario da entidade:	
con C.I.F.	

CERTIFICA:

Que D./D^a. _____
con D.N.I. _____ en
calidade de (*cargo que ostenta na Asociación* _____
ostenta a representación da entidade para solicitar perante ó Concello de Cambados a
concesión dunha subvención ó abeiro da convocatoria de subvencións para entidades
benéfico-asistenciais sen fin de lucro do ano 20____, e cumprimentar todos os
trámites que sexan requiridos ó efecto.

E para que así conste, certifico en Cambados a _____ de _____ de 20 ____.

O/A Secretario da Entidade

O/A Presidente da Entidade

(Sinatura)

(Sinatura)



ANEXO II.2

D./Dona como representante da entidadecon NIF.....

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a asociación/entidade encóntrase ó corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Cambados, e que non se encontra incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asina a presente declaración.

Cambados,..... dede 20.....

(Sinatura)



ANEXO III

SOLICITUDE DE ABONO DE SUBVENCIÓN

Dn/Dona.....como representante da
asociación/entidade.....con N.I.F. nº.....
teléfono correo electrónico.....
FAX

EXPÓN:

Que me foi concedida unha subvención polo Concello de Cambados por importe
de €, para o desenvolvemento da actividade
de

Para a súa xustificación, apórtase a seguinte documentación:

1. Conta xustificativa dos gastos realizados que se presentan como xustificantes da subvención outorgada. Dita relación deberá presentarse conforme o Anexo IV.
2. Facturas dos gastos efectuados. Con todas as facturas se achega xustificante do cargo bancario ou constancia inequívoca de que a factura presentada foi pagada (palabra específica “pagado” ou “recibín” e selo da empresa ou sinatura do representante da empresa que a expide).
3. Declaración responsable segundo modelo establecido no Anexo V.
4. Memoria xustificativa da actividade realizada segundo modelo establecido no Anexo VI.
5. Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS) vixentes no momento da xustificación.

Por todo o cal, **SOLICITO:** O abono da subvención concedida, debendo facerse o seu ingreso na conta bancaria indicada na solicitude.

En Cambados a.....de..... de 20.....

(Sinatura)

Sr. Alcalde/sa-Presidente do Concello de Cambados.



ANEXO IV
CONTA XUSTIFICATIVA

D/Dna.		D.N.I.:	
Representante da Entidade		C.I.F.:	

Presento a seguinte relación de facturas/documentos para a xustificación da subvención outorgada:

	Data factura	Número factura	Empresa emisora	Concepto	Importe €
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					
15					
16					



**TOTAL**

(Sinatura)



ANEXO V: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna.		D.N.I.:	
Representante da Entidade		C.I.F.:	

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que todos os datos que contén a conta xustificativa (Anexo...) se axustan á realidade e compren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.

1. Que a actividade subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
2. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
3. Que os ingresos obtidos para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
4. Que esta entidade ten solicitada, concedida e/ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Cambados.

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
	€	€
	€	€
	€	€

Marcar cun X no recadro no caso de non ter solicitado ningunha subvención para o desenvolvemento do proxecto

En Cambados a.....de..... de 20.....

(Sinatura)



ANEXO VI

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

ENTIDADE:	
DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:	
Nº DE USUARIOS/BENEFICIARIOS:	
DATA DE INICIO:	DATA DE REMATE:
RESUMO ECONÓMICO	TOTAL GASTOS: €
	TOTAL INGRESOS: €
FONTES DE FINANCIAMENTO	Subvención municipal: €
	Xunta: €
	Deputación: €
	Socios: €
	Donativos: €
	Recadación veciñal: €
	Outros (especificar cales): €
OBXECTIVOS PREVISTOS:	



OBXECTIVOS ACADADOS:

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade a veracidade dos datos relacionados no presente Anexo.

En.....a.....de.....de 20.....

(Sinatura)

